

# Estadística de protección de menores



# **Estatística de protección de menores 2009**

Operación estadística n.º 25201

Edita: Consellería de Traballo e Benestar  
Secretaría Xeral, Sección de Publicacións e Estatística  
Operación estatística n.º 25201  
ISSN: 1889-8025  
DL: C 2955-2009

# Índice

<b>Introdución</b> .....	5
<b>Presentación</b> .....	7
<b>Normativa aplicable</b>	
Internacional.....	9
Estatal.....	9
Autonómica .....	9
<b>Situacións de desprotección: risco e desamparo</b> .....	11
<b>Tutela</b> .....	12
<b>Garda</b> .....	12
<b>Acollemento</b>	
Acollemento familiar.....	13
Acollemento residencial .....	15
<b>Adopción</b>	
Adopción nacional .....	16
Adopción internacional.....	18
<b>Programas de apoio</b>	
1. Atención de día.....	26
2. Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación do menores no seu medio.....	25
3. Programa de integración familiar (PIF) .....	27
4. Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar).....	28
5. Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor).....	29
<b>Menores estranxeiros non acompañados (MENAS)</b> ..	29



## Introdución

A Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co artigo 1 do Decreto 335/2009, do 11 de xuño (DOG n.º 123, do 25.06.2009), polo que se establece a súa estrutura orgánica asume, entre outras, competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores e benestar social. En concreto, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, leva a cabo a xestión, coordinación e control dos programas, servizos e centros dedicados aos menores en situación de risco ou desamparo.





## Presentación

O Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, aprobado polo Decreto 433/2009, do 11 de decembro (DOG n.º 242, do 14.12.2009), establece, como unha das operacións estatísticas a realizar pola Consellería de Traballo e Benestar, a estatística de protección de menores que agora lles presentamos.

Nesta edición introdúcense pequenos cambios na estrutura así como no contido da información ofrecida nalgúns apartados, tratando de equilibrar a importancia relativa dos diferentes epígrafes e priorizando aqueles contidos que se consideran de maior interese.

Neste boletín anual recóllense os datos referidos ao exercicio de 2009, que, respectando a confidencialidade dos expedientes de protección de menores, poden ser ofrecidos ao público.

Consellería de Traballo e Benestar



## Normativa aplicable

### Internacional

Instrumento de ratificación da Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 (BOE n.º 313, do 31.12.1990).

Instrumento de ratificación do Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993 (BOE n.º 182, do 01.08.1995).

### Estatal

*Código civil* do 29 de xullo de 1889 (arts. do 108 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).

Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil (BOE n.º 15, do 17.01.1996).

Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (arts. 35 e 36). (BOE n.º 10, do 12.01.2000).

Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional (BOE n.º 312, do 29.12.2007).

Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (arts. 92, 93 e 94) (BOE n.º 6, do 07.01.2005).

### Autonómica

Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia (DOG n.º 118, do 20.06.1997).

Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG n.º 251, do 29.12.2003). Modifica o artigo 33.1º a) da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.

Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG n.º 124, do 29.06.2006).

Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG n.º 45, do 06.03.2000).

Decreto 406/2003, do 29 de outubro, polo que se modifica o Decreto 42/2000, do 7 de

xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG n.º 222, do 14.11.2003).

Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG n.º 156, do 16.08.2005).

Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG n.º 147, do 31.07.2007).

Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG n.º 123, do 25.06.2009).

Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio (DOG n.º 40, do 26.02.2009).

## Situacións de desprotección: risco e desamparo

Enténdese por situación de risco aquela en que poida atoparse unha persoa menor de idade cando, a causa das súas circunstancias persoais, familiares ou por influencias do seu contorno, se estea prexudicando o seu desenvolvemento persoal ou social sen acadar a gravidade suficiente para xustificar a declaración de desamparo e a separación da súa familia.

Os servizos sociais comunitarios básicos dos concellos ou agrupacións de concellos son os competentes para a prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco nas que se poida atopar un neno ou nena.

Non obstante, hai circunstancias e situacións nas que, unha vez esgotadas as vías de actuación dos servizos sociais comunitarios, os casos deben ser derivados aos servizos sociais especializados, competencia da Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estas queden privadas da necesaria asistencia.

Considéranse situacións de desamparo:

- O abandono da persoa menor.
- A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiras persoas con consentimento daquelas.
- A indución a mendicidade, delincuencia ou prostitución.
- A drogadicción, ou o alcolismo habitual da persoa menor con consentimento ou coa tolerancia dos pais ou gardadores.
- O trastorno mental grave dos pais, nais ou gardadores que impida o normal exercicio da patria potestade ou da garda.
- A convivencia nun medio sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do neno ou nena ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- A falta de persoas ás cales lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno ou nena.

Cando se detecta unha situación de risco ou de desamparo as administracións públicas competentes deben intervir para protexer a persoa menor e adoptar as medidas necesarias para corrixir a situación, posibilitando a permanencia ou o retorno do neno ou nena ao seu núcleo familiar ou, se isto non é posible, promovendo a súa integración nunha familia alternativa ou proporcionándolle os coidados e atencións necesarias nun establecemento axeitado.

## Tutela

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, asumir a tutela das persoas menores desamparadas que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

A asunción da tutela atribuída á entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade. Así mesmo, leva implícita a garda da persoa menor por parte da entidade pública.

Nenos e nenas en situación de tutela				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
692	174	300	684	1.850

## Garda

Á entidade pública de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela.

Ademais, cando os pais, nais, titores ou titoras, por circunstancias graves, cumpridamente avaliadas, non poidan coidar o ou a menor, poden solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá a garda cando así o acorde o xuíz.

A garda asumida pola administración, sexa como función inherente á tutela, á petición dos pais ou nais ou por resolución xudicial, exércese mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial.

Nenos e nenas en situación de garda*					
Tipo de garda	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Administrativa	179	29	48	66	322
Xudicial	2	4	1	5	12
Administrativa e xudicial	179	33	49	71	334

(\*) Non se inclúen as gardas exercidas como función inherente á tutela, que se entenden incluídas no apartado anterior.

## Acollemento

O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial).

A persoa acolledora ten a obriga de velar polo neno ou nena, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Principios de actuación:

- Darlle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns.
- Favorecer a permanencia do neno ou nena no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza na familia extensa.

### Acollemento familiar

Mediante o programa de acollemento familiar outórgase a garda dun neno ou nena a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidalo, alimentalo e educalo por un tempo co fin de integralo nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente á súa familia biolóxica.

O acollemento pode realizarse cunha familia que garde coa persoa menor un vínculo de parentesco (avós, tíos...), ou cunha familia coa que non exista vínculo de parentesco ningún. No primeiro caso estamos a falar de familia extensa, no segundo referímonos á familia allea.

O acollemento poderá ser remunerado cando existan circunstancias que aconsellen facilitarlle un apoio económico á familia acolledora como compensación dos gastos ocasionados polo mantemento da persoa menor.

Acollemento familiar na Coruña					
	Familia extensa		Familia allea		Totais
	Remunerado	Non remunerado	Remunerado	Non remunerado	
N.º nenos/as acollidos/as	482	133	90	4	709
N.º familias acolledoras	355	131	58	2	546
Totais	837	264	148	6	1.255

<b>Acollemento familiar en Lugo</b>					
	Familia extensa		Familia allea		Totais
	Remunerado	Non remunerado	Remunerado	Non remunerado	
N.º nenos/as acollidos/as	46	5	15	5	71
N.º familias acolledoras	41	5	10	3	59
Totais	87	10	25	8	130

<b>Acollemento familiar en Ourense</b>					
	Familia extensa		Familia allea		Totais
	Remunerado	Non remunerado	Remunerado	Non remunerado	
N.º nenos/as acollidos/as	148	49	47	5	249
N.º familias acolledoras	117	42	37	4	200
Totais	265	91	84	9	449

<b>Acollemento familiar en Pontevedra</b>					
	Familia extensa		Familia allea		Totais
	Remunerado	Non remunerado	Remunerado	Non remunerado	
N.º nenos/as acollidos/as	485	223	55	2	765
N.º familias acolledoras	376	180	33	2	591
Totais	861	403	88	4	1.356

<b>Acollemento familiar en Galicia</b>					
	Familia extensa		Familia allea		Totais
	Remunerado	Non remunerado	Remunerado	Non remunerado	
N.º nenos/as acollidos/as	1.161	410	207	16	1.794
N.º familias acolledoras	889	358	138	11	1.396
Totais	2.050	768	345	27	3.190

<b>Situación administrativa dos/as menores acollidos/as</b>	
Tutelas	Outras situacións administrativas
731	1.063



## Acollemento residencial

O acollemento residencial comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial de titularidade da comunidade autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.

Ten carácter subsidiario do acollemento familiar e das demais medidas de protección. Isto significa que só se poderá aplicar esta medida cando se esgotaren todas as posibilidades de mantemento da ou do menor na súa familia e o acollemento familiar, a tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren inapropiados.

Esta medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración da ou do menor no contorno social e o acceso aos sistemas ordinarios educativos, sanitarios, laborais e outros.

N.º de centros residenciais para a protección de menores Centros propios e colaboradores da Xunta de Galicia					
Tipoloxía do centro	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Casas de familia	5	5	6	17	33
Centros con fogares	7	2	2	4	15
Minirresidencias	2	2	2	1	7
Residencias	2	2		2	6
<b>Total centros</b>	<b>16</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>24</b>	<b>61</b>

Prazas en acollemento residencial dos centros propios e colaboradores					
Tipoloxía do centro	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Casas de Familia	40	40	48	131	259
Centros con Fogares	204	50	64	148	466
Minirresidencias	22	24	28	25	99
Residencias	26	31			57
<b>Total de prazas</b>	<b>292</b>	<b>145</b>	<b>140</b>	<b>304</b>	<b>881</b>

N.º de nenos/as en acollemento residencial					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Centros propios	185	90	121	20	416
Centros colaboradores	261	97	93	339	790

# Adopción

## Adopción nacional

A adopción é un proceso legal dirixido a proporcionar un fogar permanente a menores que se atopan en situación de desamparo e que permite que se integren plenamente nunha familia na que non naceron.

A adopción, que sempre é constituída por un xuíz, crea entre as persoas adoptantes e a adoptada os mesmos dereitos e obrigas que a paternidade biolóxica e produce a extinción dos vínculos xurídicos entre a persoa adoptada e a súa familia anterior.

### Quen pode ser adoptante

Con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción. Para iso é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Ter como mínimo vinte e cinco anos cumpridos; no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas de feito abondará con que un deles teña a devandita idade. En todo caso, a persoa adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que a adoptada.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.
- Ter sido declarada/s persoa/s idónea/s para a adopción logo do correspondente proceso de valoración.

### Quen pode ser adoptado/a

Con carácter xeral só poden ser adoptadas as persoas menores de idade non emancipadas. Destes, unicamente son susceptibles de adopción aquelas nos que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- Que os seus pais foran privados da patria potestade.
- Que os seus pais deran a súa conformidade para a adopción. No caso dos acabados de nacer o asentamento da nai non poderá prestarse ata que teñan transcorrido 30 días desde o parto.
- Que foran abandonadas.

Na nosa comunidade autónoma as persoas menores que son susceptibles de seren adoptadas son tuteladas pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

### Trámites para a adopción:

1. Solicitude

Quen desexa adoptar un menor deberá presentar unha solicitude no Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao seu domicilio.

## 2. Valoración de idoneidade

O procedemento de valoración é un estudo psicolóxico e social dos solicitantes coa finalidade de determinar se estes posúen as capacidades necesarias para satisfacer as necesidades dos nenos e nenas susceptibles de seren adoptados.

As solicitudes valóranse segundo a orde cronolóxica de presentación, se ben se pode alterar esta orde cando se necesite atopar solicitantes axeitados para un neno ou nena con especiais dificultades.

No proceso de valoración téñense en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- Que entre a persoa adoptante e a adoptada haxa unha diferenza de idade axeitada e non superior aos 40 anos, tomando como referente o membro máis novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de irmáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferenza de idade poderá ser superior.

- Que o medio familiar dos solicitantes reúna condicións adecuadas para a atención integral dos menores no referente á vivenda, medios de subsistencia, capacidade educativa, integración social e relación estable e positiva entre os seus membros.

- Existencia de motivacións e aptitudes axeitadas e positivas cara á adopción. En caso de cónxuxes ou parellas esas motivacións e aptitudes deberán ser compartidas.

É importante ter en conta que, en ningún caso, se aceptarán condicionamentos á adopción referidos a trazos físicos, sexo ou antecedentes sociofamiliares dos adoptados.

- Condicións de saúde física e psíquica dos solicitantes que permitan atender correctamente ao menor.

## 3. Selección de solicitantes idóneos

A selección dos solicitantes idóneos para cada menor realízase segundo o seguinte procedemento:

- Cando se trata dun neno ou nena menor dun ano e que non presenta ningún problema de saúde ou circunstancia especial, na selección do adoptante idóneo, respéctase escrupulosamente a orde de antigüidade de entre unha lista de solicitantes única para toda a comunidade autónoma.

- No caso de nenos ou nenas de máis dun ano ou que presentan algún tipo de

circunstancia especial selecciónase de entre os solicitantes declarados idóneos os que máis se adecúan ás características ou circunstancias do neno ou nena.

#### 4. Acollemento preadoptivo

Unha vez seleccionados os solicitantes idóneos para o menor, formalízase un acollemento preadoptivo.

#### 5. Constitución da adopción

Formalizado o acollemento preadoptivo, o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar tramitará a proposta de adopción ao xuíz, que, de ser o caso, ditará auto xudicial de constitución da adopción.

Adopción nacional					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Solicitudes abertas	102	30	28	79	239
Solicitudes idóneas. Lista de espera	466	246	164	460	1.336
Resolución acollemento preadoptivo	11	3	11	33	58
Propostas de adopción realizadas	14	4	1	22	41
Autos de adopción producidos	11	7	6	32	56

Poden ser referidas a un/unha ou varios/as nenos/as.

Adopción de acabados de nacer (nenos/as procedentes de renuncias)	16
---	----

## Adopción internacional

A adopción internacional ten lugar cando se produce un traslado dun menor con fins adoptivos desde o seu Estado de orixe, onde reside, cara a outro Estado no que residen os pais adoptivos.

Na adopción dun menor de orixe estranxeira interveñen dúas lexislacións, a do país de orixe do menor e a das persoas que van adoptar. Hai que ter en conta, polo tanto, os requisitos que esixen nunha e noutra lexislación.

### Quen pode ser adoptante

Os requisitos para solicitar unha adopción internacional son os mesmos que para a adopción nacional. Non obstante, respecto da diferenza de idade entre adoptante e adoptado, deberase de estar ao disposto na lexislación do país de orixe, aínda que se considera que a diferenza de idade non debería ser superior aos 45 anos.

Tamén se deben ter en conta outros condicionantes impostos pola normativa do país de orixe.

## **Quen pode ser adoptado**

Son as autoridades competentes de cada país, segundo a súa propia normativa, as que determinan que nenos son susceptibles de ser adoptados.

## **Trámites para a adopción**

### **1. Información, formación e solicitude**

As persoas interesadas en adoptar un neno ou nena de orixe estranxeira pódense dirixir aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou ás entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI), onde serán informadas e asesoradas sobre os requisitos, documentos e trámites esixidos para a adopción internacional.

Con carácter previo á presentación da solicitude é obrigatorio asistir a unha preparación previa impartida por técnicos de adopción da Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

A solicitude presentárase na Delegación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao domicilio dos solicitantes e formularase para un país concreto.

### **2. Valoración de idoneidade**

O estudo e valoración para a declaración de idoneidade axustárase ao disposto para a adopción nacional.

### **3. Tramitación**

A tramitación pódese realizar a través do ministerio competente ou a través da ECAI habilitada para actuar no país para o que se solicita a adopción. A maioría dos países de orixe dos menores esixen que a tramitación das adopcións se realice a través de ECAI.

As ECAI son entidades sen ánimo de lucro que teñen como fin a protección de menores, e que son habilitadas pola Xunta de Galicia para intervir en funcións de intermediación en adopción internacional, asesorando e apoiando os solicitantes nos trámites e xestións que deban realizar na comunidade autónoma e nos países de orixe dos/as menores.

Cando en Galicia non existe ningunha ECAI habilitada para operar nun país concreto, os solicitantes que o desexen poden solicitar a mediación de entidades habilitadas noutras comunidades autónomas.

### **4. Preasignación**

O país de orixe asignará un ou unha menor susceptible de ser adoptado/a, facilitando a documentación coa información relativa a este á Secretaría Xeral de Familia e Benestar ou á ECAI encargada da tramitación do expediente.

**Entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI) acreditadas en Galicia**

ECAI	Enderezo	Países	Habilitación en Galicia	Recoñecemento no país de orixe
INTERADOP Galicia	R/ Reiseñor, 10 entrechán, of. 2, 36205 Vigo	China	16.06.2001	23.09.1998
		Vietnam	06.10.2008	12.09.2008
ACI Asociación para el Cuidado de la Infancia	R/ S. Andrés, 56, 6º C, 15003 A Coruña	China	23.01.2004	19.12.1997
		Filipinas	23.01.2004	04.09.2003
		Vietnam	31.07.2008	09.06.2008
ADECOP Galicia	R/ E. Pardo Bazán, 22 A, 2ª pl., esq., 15005 A Coruña. R/ García Barbón, 30-4º, of. 4ª, 36201 Vigo	Colombia	13.10.1997	02.04.1998
		Perú	13.10.1997	13.02.1998
		Panamá	25.10.2007	30.01.2007
		Vietnam	19.12.2007	05.09.2008
ADDIS Galicia. Asociación pro Dereitos da Infancia	R/ Gran Vía, 146 entrechán, 36211 Vigo	Etiopía	18.03.2004	28.10.2005
PIAO	R/ E. Pardo Bazán, 22 A, 2ª pl., dta., 15005 A Coruña	China	25.06.2009	23.09.1998
		Etiopía	25.02.2009	01.07.2001
BALMS Fundación para la Infancia	R/ Reconquista, 9, entrechán, 36201 Vigo	Colombia	22.03.2005	01.02.2006
BALBALIKA	R/ Dr. Cadaval, 21, 2ª pl., of.10, 36202 Vigo	Etiopía	15.02.2008	01.08.2006

**Solicitudes de adopción internacional presentadas**

Provincia	Solicitudes
A Coruña	183
Lugo	40
Ourense	23
Pontevedra	115
<b>Total</b>	<b>361</b>

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar					
Países	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bolivia	1				1
Brasil	1				1
Bulgaria	2		1	1	4
Burundi		1			1
Cabo Verde				4	4
Chile	1				1
China	3	2		1	6
Colombia	11	3	3	10	27
Costa de Marfil	1	1		1	3
Etiopía	21	9	3	24	57
Filipinas	6		1	8	15
Hungría	1				1
India	1			1	2
Kazaxistán				1	1
México	2		1	2	5
Palestina	1				1
Polonia	2				2
República Dominicana		1		1	2
Rusia	2			1	3
Tailandia				1	1
Ucraina	1	1		2	4
Vietnam	26	6	3	26	61
<b>Total</b>	<b>83</b>	<b>24</b>	<b>12</b>	<b>84</b>	<b>203</b>

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía Ministerio de Sanidade e Política Social					
Países	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bolivia	1				1
Bulgaria			1		1
Cabo Verde				4	4
Chile	1				1
China	1	2		1	4
Colombia	1		1	1	3
Costa de Marfil	1	1		1	3
Filipinas				2	2
Kazakhistán				1	1
México	1		1	2	4
Palestina	1				1
República Dominicana		1		1	2
Rusia	1				1
Tailandia				1	1
Ucraina	1	1		2	4
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>16</b>	<b>33</b>

Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía ECAI						
ECAI	Países	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<i>INTERADOP Galicia</i>	Vietnam	12	3	3	17	35
ADDIS Galicia Asociación pro Dereitos da Infancia	Etiopía	6	4	2	14	26
<i>ADECOP Galicia</i>	Colombia	9	2		4	15
	Vietnam	8	2		2	12
<i>ACI Asociación para el Cuidado de la Infancia</i>	China	1				1
	Filipinas	6		1	6	13
	Vietnam	6	1		7	14
<i>BALBALIKA</i>	Etiopía	10	2	1	8	21
<i>BALMS Fundación para la Infancia</i>	Colombia	1	1	2	5	9
<i>PIAO</i>	China	1				1
	Etiopía	4	3		1	8
<b>Total</b>		<b>64</b>	<b>18</b>	<b>9</b>	<b>64</b>	<b>155</b>



Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía ECAI habilitadas noutra comunidade autónoma						
ECAI	Países	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
AFEF-LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	Burundi		1			1
BALBALIKA-CATALUÑA	Etiopía				1	1
MIMO-MADRID	Bulgaria	1				1
	Hungría	1				1
NIÑOS SIN FRONTERAS-MADRID	India	1				1
PROFILIA-MADRID	México	1				1
NIÑOS SIN FRONTERAS-BALEARES	India				1	1
MIMO-PAÍS VASCO	Bulgaria	1			1	2
BRADOPTA-CATALUÑA	Brasil	1				1
ECAI 3AI	Polonia	2				2
AIPAME-CATALUÑA	Rusia	1				1
AIPAME-VALENCIA	Rusia				1	1
IPI-CATALUÑA	Etiopía	1				1
<b>Total</b>		<b>10</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>15</b>

Preasignación de menores comunicadas á Secretaría Xeral de Familia e Benestar					
Países	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bolivia				1	1
Brasil				1	1
Bulgaria	1	1			2
China	17	4	5	7	33
Colombia	13	1	2	6	22
Etiopía	36	8	10	55	109
Filipinas	8			1	9
Hungría	7			2	9
India	2				2
México	1				1
O Salvador	1			1	2
Panamá	1		1		2
Rusia	3	3		1	7
Vietnam	8	2	3	8	21
<b>Total</b>	<b>98</b>	<b>19</b>	<b>21</b>	<b>83</b>	<b>221</b>

## Programas de apoio

Un dos principios reitores que deben rexer as actuacións dos poderes públicos na protección da infancia e da adolescencia é a integración sociofamiliar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

Para conseguilo, ademais de adoptar as medidas de tutela ou garda, se proceden, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Traballo e Benestar, desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

### 1. Atención de día

Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, un servizo de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. Algúns dos recursos de acollemento residencial prestan tamén a función de centros de atención de día, mentres que noutros casos o programa desenvólvese en equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade.

Número de centros de atención de día para protección de menores					
Tipoloxía do centro	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Centros de atención de día	1	2	2	5	10

Prazas en atención de día dos centros propios e colaboradores					
Tipoloxía do centro	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Casas de familia	8	4	6	18	36
Centros de atención de día	10	35	22	91	158
Centros con fogares	71	10	20	64	165
Minirresidencias	5	10	4	8	27
Residencias	2	6			8
<b>Total de prazas</b>	<b>96</b>	<b>65</b>	<b>52</b>	<b>181</b>	<b>394</b>

Número de nenos e nenas en atención de día						
Nenos/as		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	Centros propios	3	10	20	12	45
	Centros colaboradores	75	44	48	201	368

## 2. Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares con fillos maiores de tres anos e menores de idade que se atopen en circunstancias de risco social e precisen de apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación familiar.

Entre outros requisitos, a convocatoria establece que a renda per cápita da unidade familiar no ano non pode exceder dun terzo do IPREM establecido para 2009, en cómputo anual.

A contía mínima e máxima da axuda está comprendida entre 100 € e 500 € mensuais para cada unidade familiar, sen que en ningún caso poida superarse a contía de 150€ por fillo.

Xunto coa prestación económica, as familias dispoñen de atención profesional centrada na adquisición de habilidades de atención, coidado e educación dos/as menores, así como no desenvolvemento das capacidades de organización do núcleo familiar.

O obxectivo finalista deste programa é manter e reforzar a estrutura familiar para evitar a separación dos seus membros.

Axudas concedidas mediante solicitude de 2009			
Provincia	N.º menores	N.º familias	Contía total
A Coruña	915	414	559.863,01 €
Lugo	322	144	326.007,19 €
Ourense	291	118	347.219,39 €
Pontevedra	395	195	505.615,41 €
<b>GALICIA</b>	<b>1.923</b>	<b>871</b>	<b>1.738.705,00 €</b>

Axudas concedidas: número de nenos e nenas por unidade familiar e número de familias					
Nenos/as por familia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1	125	39	15	71	250
2	151	58	48	71	328
3	85	31	42	35	193
4	37	9	11	13	70
5	11	4	2	5	22
6	5	3	-	-	8
<b>Total</b>	<b>414</b>	<b>144</b>	<b>118</b>	<b>195</b>	<b>871</b>

Tipo de familia						
Tipo de familia	Estado civil	A	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
		Coruña				
		Número de familias				
Monoparental	Casado/a	6	5	5	1	17
	Solteiro/a	69	13	13	21	116
	Separado/a	47	16	8	46	117
	Divorciado/a	32	7	9	13	61
	Viúvo/a	13	4	2	6	25
<b>Total</b>		<b>167</b>	<b>45</b>	<b>37</b>	<b>87</b>	<b>336</b>
Biparental	Matrimonio	217	82	58	86	443
	Parella de feito	30	17	23	22	92
<b>Total</b>		<b>247</b>	<b>99</b>	<b>81</b>	<b>108</b>	<b>535</b>

Renda per cápita anual										
N.º de familias e menores beneficiarios por tramos de renda beneficiarios										
€	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Fam.	Men.	Fam.	Men.	Fam.	Men.	Fam.	Men.	Fam.	Men.
0,00 – 500,00	394	877	42	93	40	98	43	94	519	1.162
500,01 – 1.000,00	4	10	23	58	26	64	37	89	90	221
1.000,01 – 1.500,00	8	15	26	59	28	70	45	93	107	237
1.500,01 – 2.000,00	4	8	32	68	16	42	46	84	98	202
2.000,01 -	4	5	21	44	8	17	24	35	57	101
<b>TOTAL</b>	<b>414</b>	<b>915</b>	<b>144</b>	<b>322</b>	<b>118</b>	<b>291</b>	<b>195</b>	<b>395</b>	<b>871</b>	<b>1.923</b>

### 3. Programa de integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos seus núcleos familiares, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de nenos/as institucionalizados/as (reunificación familiar).
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos/as nenos/as (preservación familiar).

Nenos/as atendidos/as					
Nenos/as	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	32	28	30	31	121
Preservación familiar	37	40	26	27	130
<b>TOTAL</b>	<b>69</b>	<b>68</b>	<b>56</b>	<b>58</b>	<b>251</b>

Familias atendidas					
Familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	19	19	19	24	81
Preservación familiar	18	19	12	13	62
<b>TOTAL</b>	<b>37</b>	<b>38</b>	<b>31</b>	<b>37</b>	<b>143</b>

#### 4. Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)

É un programa de apoio ás familias que teñen dificultades para a convivencia cos seus fillos, debido a conflitos relacionados co consumo e abuso de drogas, delincuencia e problemas coa lei, condutas agresivas ou violentas, dificultades para o cumprimento e acatamento de normas, dificultades para o establecemento das normas polos pais, absentismo escolar ou dificultades no centro escolar, etcétera. Os e as menores nesta situación, xunto coas súas familias, reciben atención profesional por parte de psicólogos especializados en terapia familiar.

N.º de familias e menores atendidos no programa de terapia familiar		
Provincia	N.º de familias	N.º de menores
A Coruña	37	39
Lugo	12	13
Ourense	35	38
Pontevedra	102	115
<b>TOTAL</b>	<b>186</b>	<b>205</b>

N.º de familias e menores incorporados ao programa de terapia familiar en 2009		
Provincia	N.º de familias	N.º de menores
A Coruña	22	22
Lugo	10	11
Ourense	24	25
Pontevedra	49	58
<b>TOTAL</b>	<b>105</b>	<b>116</b>

## 5. Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor)

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21 tutelados/as ou ex tutelados/as, en garda ou conflito social que queiran voluntariamente incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes/as mozos/as por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

Menores participantes no Programa Mentor				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
141	86	77	150	454

### Menores estranxeiros non acompañados (MENAS)

Neste apartado faise mención específica ás persoas menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non atoparse acompañadas de ningún familiar.

N.º de menores estranxeiros non acompañados con expediente de protección, por país de procedencia	
País de procedencia	N.º de menores
Alxeria	3
Guinea	8
Kenya	1
Marrocos	45
Senegal	5
Descoñecido	3
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>





